

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 23 DE ABRIL DE 2025

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e tres de abril de 2025, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ e D.^a OLGA LÓPEZ RACAMONDE. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E TRANSICIÓN ECOLÓXICA

1. ACTAS E GOBERNO.- Acórdase a modificación puntual da instrucción para o funcionamento e actuación dos órganos de selección no Concello de Lugo (2025/G004/000211).

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- acórdase a 1^a prorroga do contrato dende o 7 de maio de 2025 ata o 6 de maio de 2026 na contratación do servizo de mantemento e conservación de vías públicas da zona urbana do Concello de Lugo. exp. ref. 2023/C003/000036.

Tamén se acorda a adxudicación na contratación de patrocinios publicitarios para as festas de Arde Lucus 2025 expte. ref. 2025-C005-000001.

ÁREA DE GOBERNO DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA

3. PARTICIPACIÓN E ATENCIÓN CIDADÁ.- Acórdase a resolución de alegacións no expediente de aprobación das autorizacións para a venda ambulante

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac2090963068814040859.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23-4-2025

no mercado de Frigsa, ano 2025.

Fóra da orde do día

- Contratación da subministración de papel para fotocopiadoras e impresoras. Exp. Ref. 2024/C004/000003. 1ª prórroga do contrato dende o 25 de abril de 2025 ata o 26 de abril de 2026.

- Contratación da subministración en réximen de aluguer para a instalación dun campamento romano e a relación do programa de actividades para festas do Arde Lucus 2025 na Praza Maior. Aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto. Apertura do procedemento de adxudicación. Exp. Ref. 2025/C004/000016.

- Contratación mediante lotes do servizo de roza de pistas no medio rural do Concello de Lugo. Aprobación dos pregos prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e adxudicación polo procedemento aberto. Apertura do procedemento de addxudicación. Exp. Ref. 2025/C003/000013.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcalde delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández.